

**REUNIÓN DA COMISIÓN 3ª, ECONOMÍA,
FACENDA E ORZAMENTOS**

Día: 16.03.2018 Hora: 10:30

A Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos, da que vostede forma parte, reunirse o próximo día 16 de marzo de 2018, ás 10:30 horas, no pazo do Parlamento.

A orde do día é a seguinte :

Punto 1. Pregunta

- 1.1 26298 (10/POC-004289)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Díaz Villoslada, Juan Manuel e 3 máis
Sobre as razóns do Goberno galego para modificar, a través da Lei 4/2016, os límites establecidos para os contratos menores e para non publicar a información referida a ese tipo de contratos no Portal de transparencia e Goberno aberto, a súa incidencia no cumprimento do obxectivo de acadar unha maior transparencia na contratación pública, así como a contratación adxudicada a través desa figura no ano 2016
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 264, do 21.02.2018

Punto 2. Proposicións non de lei

- 2.1 17376 (10/PNC-001444)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Presas Bergantiños, Noa e 5 máis
Sobre a demanda polo Goberno galego ao Goberno central da introdución das modificacións lexislativas oportunas para a regulación dunha moratoria para as persoas que non poden afrontar o pagamento da súa hipoteca e a dación en pagamento da súa vivenda, así como a realización dunha avaliación do impacto en Galicia da aplicación do Código de boas prácticas bancarias co fin de elevar o grao de protección das persoas usuarias afectadas
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 188, do 06.10.2017
- 2.2 24927 (10/PNC-001950)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Presas Bergantiños, Noa e 5 máis
Sobre as actuacións que vai levar a cabo da Xunta de Galicia destinadas ao mantemento da Axencia Estatal da Administración Tributaria (AEAT)
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 255, do 07.02.2018
- 2.3 25691 (10/PNC-001981)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e 3 máis
Sobre as actuacións do Goberno galego en relación coa xestión do

superávit orzamentario por parte das entidades locais
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 260, do 14.02.2018

- 2.4 26063 (10/PNC-002004)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e 2 máis
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para a reforma do marco normativo en materia económica, orzamentaria e contable, a implantación da rendición telemática da Conta xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e a súa elaboración, así como a aprobación dun novo plan de contabilidade pública
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 264, do 21.02.2018
- 2.5 27146 (10/PNC-002096)
Grupo Parlamentario de En Marea
Lago Peñas, José Manuel e 13 máis
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para evitar o impacto do actual modelo de revalorización anual das pensións contributivas no poder adquisitivo das persoas pensionistas de Galicia
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 272, do 07.03.2018
- 2.6 27179 (10/PNC-002102)
Grupo Parlamentario de En Marea
Sánchez García, Antón
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co emprego polas entidades financeiras da ferramenta denominada titulización de hipotecas, prevista na Lei 19/1992, do 7 de xullo, así como a súa incidencia para as persoas afectadas por procedementos de execución hipotecaria
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 272, do 07.03.2018

Os grupos parlamentarios poderán presentar emendas ás proposicións non de lei ata seis horas antes do inicio da sesión, o abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento.

O que lle comunico para o seu coñecemento e a súa convocatoria á devandita reunión.

Santiago de Compostela, 12 de marzo de 2018

Abel Fermín Losada Álvarez
Presidente da Comisión

RELACIÓN DE MEMBROS DE COMISIÓN 3ª, ECONOMÍA, FACENDA E ORZAMENTOS

POR ORDE ALFABÉTICA

Mesa

Presidente

Abel Fermín Losada Álvarez

S

Vicepresidenta

Cristina Isabel Romero Fernández

P

Secretario

Gonzalo Trenor López

P

Vogais

José González Vázquez

P

José Manuel Lago Peñas

EM

María Guadalupe Murillo Solís

P

Paula Prado del Río

P

Noa Presas Bergantiños

BNG

Pedro Puy Fraga

P

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo

S

Antón Sánchez García

EM

Sandra Vázquez Domínguez

P

Reunión da Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos

Día: 16.03.2018

Hora: 10:30

Orde do día

1. Pregunta

Reunión da Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos

Día: 16.03.2018

Hora: 10:30

Orde do día

1.1 26298(10/POC-004289)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Díaz Villoslada, Juan Manuel e 3 máis

Sobre as razóns do Goberno galego para modificar, a través da Lei 4/2016, os límites establecidos para os contratos menores e para non publicar a información referida a ese tipo de contratos no Portal de transparencia e Goberno aberto, a súa incidencia no cumprimento do obxectivo de acadar unha maior transparencia na contratación pública, así como a contratación adxudicada a través desa figura no ano 2016

Publicación da iniciativa, 264, 21.02.2018



Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Juan Manuel Díaz Villoslada, Patricia Vilán Lorenzo, Begoña Rodríguez Rumbo e Abel Fermín Losada Álvarez, deputados e deputadas pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 3ª.

A Lei de racionalización do sector público autonómico fora presentada polo Goberno da Xunta de Galicia como unha aposta pola transparencia xa que, segundo recolle a nota de información do Consello aos medios dada a coñecer daquela, “a transparencia é o principio que rexerá a contratación pública, xa que se establece a redución á metade da marxe para a adxudicación directa deste tipo de contratos: por riba de 9.000 euros nos contratos de servizos e subministracións e de 25.000 euros de obras será obrigatorio solicitar tres ofertas distintas a empresas non vinculadas entre si”.

Como é coñecido a contratación realizada por contratos menores permite unha ampla marxe para realizar unha adxudicación discrecional e aínda que debера ser utilizada para casos puntuais e xustificables, se acude con demasiada asiduidade. O certo foi que tal proposta pola transparencia pouco durou, xa que remata pouco máis de dous anos despois, e a *Lei de ordenación da asistencia xurídica da Administración xeral da Comunidade Autónoma e do seu sector público autonómico*, a través da súa disposición derradeira primeira, anula tales límites, elevándose ao dobre desas contías.

No último ano do que a Xunta de Galicia ofreceu datos (o de 2016), a contratación adxudicada a través da figura do contrato menor, ascendeu para o sector público autonómico a 123.903 contratos, por importe de 868.960.521 euros. De feito a través deste tipo de contratación, foron as cantidades que máis se adxudicaron, superando mesmo aos procedementos abertos e supoñendo case que o 50 % da contratación total realizada pola Xunta de Galicia. Unha marxe demasiado ampla de discrecionalidade, sen que medie ningún tipo de publicidade nin se prime a presentación de múltiples ofertantes, cunha “contratación a dedo” excesiva.



Grupo Parlamentario

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Pero é que ademais de constituír unha contía tremendamente elevada, non se favorece o seu control e seguimento, xa que na plataforma de contratación, da Xunta de Galicia, no seu apartado correspondente a “contratos menores” non queda rexistrada a información básica dos ditos contratos, senón que unicamente aparece un número reducido de días.

Pódese acceder a tal plataforma actualmente e comprobar, por exemplo, que ningún dos contratos menores realizados durante o último exercicio do 2017 está dispoñible e pode ser examinado (<https://transparencia.xunta.gal/tema/informacion-economica-orzamentaria-e-estadistica/contratacion-publica/contratos-menores>).

Non parece que tal xeito de actuar da Xunta de Galicia beneficie a transparencia necesaria da contratación pública, contradicindo as manifestación realizadas nesta materia polo executivo galego.

Por todo o anterior os deputados que asinan formulan as seguintes preguntas:

1ª) Que razóns xustifican que aos dous anos de establecer os límites para os contratos menores se modificase tal postura?

2ª) Considera que deste xeito se cumpre co obxectivo de acadar unha maior transparencia na contratación pública?

3ª) Non considera elevado o número de contratos menores e o seu importe?

4ª) Por que fai desaparecer os contratos menores do portal de transparencia de xeito tan apresurado?



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/02/2018 18:16
Nº Rexistro: 26298
Data envío: 15/02/2018 18:16:00.662



Grupo Parlamentario

5ª) Non considera que cun maior prazo de permanencia se facilitaríaa a consulta e se acadaría unha maior transparencia na contratación pública?

6ª) Foi remitida información ao Parlamento de Galicia a través do Rexistro de Contratos do Sector Público Autonómico?

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Pazo do Parlamento, 15 de febreiro de 2018

Asinado dixitalmente por:

Juan Manuel Díaz Villoslada na data 15/02/2018 17:57:57

Patricia Vilán Lorenzo na data 15/02/2018 17:58:11

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 15/02/2018 17:58:20

Abel Fermín Losada Álvarez na data 15/02/2018 17:59:27

Reunión da Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos

Día: 16.03.2018

Hora: 10:30

Orde do día

2. Proposicións non de lei

Reunión da Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos

Día: 16.03.2018

Hora: 10:30

Orde do día

2.1 17376(10/PNC-001444)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 5 máis

Sobre a demanda polo Goberno galego ao Goberno central da introdución das modificacións lexislativas oportunas para a regulación dunha moratoria para as persoas que non poden afrontar o pagamento da súa hipoteca e a dación en pagamento da súa vivenda, así como a realización dunha avaliación do impacto en Galicia da aplicación do Código de boas prácticas bancarias co fin de elevar o grao de protección das persoas usuarias afectadas

Publicación da iniciativa, 188, 06.10.2017



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/09/2017 13:30
Nº Rexistro: 17376
Data envío: 25/09/2017 13:30:50.652

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa das deputadas e deputados **Noa Presas Bergantiños, Xosé Luis Rivas Cruz, Ana Belén Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Montserrat Prado Cores e Luis Bará Torres**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 3ª**, relativa á avaliación do código de boas prácticas bancarias.

O Real Decreto-lei 6/2012, de 9 de marzo, de medidas urxentes de protección de debedores hipotecarios sen recursos, recollía o popular “código de boas prácticas” para a banca, cuxa aplicación por parte das entidades de crédito é voluntaria, como expresamente regulaba o artigo 5.1. Este carácter voluntario implica que se trata dunha norma inxusta, que comporta unha clara desigualdade diante da lei, pois permite manter os privilexios da banca e aparentar a concesión de dereitos á posición máis débil, ás persoas afectadas polos impagamentos hipotecarios, cando en realidade ditos dereitos só poderán ser exercidos, non en virtude de norma legal, senón da súa admisión voluntaria polas entidades de crédito. É dicir, de feito o Goberno delegou a súa función de gobernar, pois remite o cumprimento das normas ao que voluntariamente acorde o sector bancario.

A gran maioría das entidades bancarias adheríronse ao Código de Boas Prácticas, porén practicamente ningunha deles ofrece o que se propoñía no citado Código. Así, deberían ofrecer unha moratoria de cinco anos a partires da primeira falta de pagamento. Porén, non o ofrecen ao cliente e na práctica optan por propoñer novas hipotecas ou avais familiares. Maioritariamente ten que ser a persoa afectada a que



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galicia

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/09/2017 13:30
Nº Rexistro: 17376

Data envío: 25/09/2017 13:30:50.652

solicite a súa aplicación, e a banca rexeita máis da metade das solicitudes, alegando que non se cumpren os requisitos.

Na maioría dos casos, as entidades bancarias ofrecen como alternativas dende créditos persoais ate avais familiares, porén non ofrecen a moratoria a cinco anos estipulada no Código de Boas Prácticas, e por outra banda, as entidades tampouco ofrecen información aos clientes a respecto da posibilidade de acollerse a algunha acción contemplada no Código, a pesares de que o propio código indica “a obriga por parte da entidade de informar aos seus clientes das posibilidades de acollerse a unha serie de vantaxes, tan pronto o banco teña coñecemento da falta de pagamento ou do atraso do pago dunha cota.

A propia aprobación dun Código de Boas Prácticas para resolver unha abafante situación que atravesan miles de cidadáns e cidadás derivada do sobreendebemento inducido pola propia banca reconece que antes houbo malas prácticas, porén, lonxe de supoñer unha penalización á banca que as cometeu, viuse recompensada cunha norma feita a medida dos seus intereses. Xa que logo, o Código de Boas Prácticas queda reducido a unha declaración de boas intencións sen que na práctica sexa unha ferramenta útil para evitar desafuzamentos e permitir que, nunha situación de impago, as persoas afectadas poidan continuar na vivenda acolléndose á moratoria e pagando unicamente xuros.

Máis aínda, o citado Código non obriga á dación en pagamento, polo que perde calquera utilidade para as miles de familias que están en situación de desafuzamento. Dende o BNG apostamos por reformar a Lei Hipotecaria se de verdade pretende solucionar este drama social, que cada vez afecta máis persoas e familias. A solución está en facer cambios normativos e non en aprobar códigos que non son vinculantes.



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/09/2017 13:30
Nº Rexistro: 17376
Data envío: 25/09/2017 13:30:50.652

Polo devandito o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate na Comisión 3ª:

“O Parlamento insta á Xunta de Galiza:

- a que demande do estado as modificacións legislativas oportunas para que se regule unha moratoria para as persoas que non poden afrontar a súa hipoteca e a dación en pago

- a desenvolver unha avaliación do impacto en Galiza da aplicación do Código de boas prácticas bancarias de cara a estudar medidas para poñer en práctica no ámbito das súas competencias para elevar o grao de protección das e dos usuarios galegos que poidan verse afectados e afectadas.”

Santiago de Compostela, 25 de setembro de 2017

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**

Xosé Luis Rivas Cruz

Olalla Rodil Fernández

Montserrat Prado Cores

Luis Bará Torres

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/09/2017 13:30
Nº Rexistro: 17376
Data envío: 25/09/2017 13:30:50.652

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 25/09/2017 13:16:51

Xose Luis Rivas Cruz na data 25/09/2017 13:16:58

Olalla Rodil Fernández na data 25/09/2017 13:17:05

María Montserrat Prado Cores na data 25/09/2017 13:17:10

Xosé Luis Bará Torres na data 25/09/2017 13:17:12

Ana Pontón Mondelo na data 25/09/2017 13:17:17

Reunión da Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos

Día: 16.03.2018

Hora: 10:30

Orde do día

2.2 24927(10/PNC-001950)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 5 máis

Sobre as actuacións que vai levar a cabo da Xunta de Galicia destinadas ao mantemento da Axencia Estatal da Administración Tributaria (AEAT)

Publicación da iniciativa, 255, 07.02.2018



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/02/2018 17:47
Nº Rexistro: 24927
Data envío: 01/02/2018 17:47:26.265

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados **Noa Presas Bergantiños, Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Olalla Rodil Fernández e Montserrat Prado Cores**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 3ª**, relativa ao mantemento en condicións adecuadas das administracións en Galiza da Axencia Estatal da Administración Tributaria (AEAT) así como dos postos de traballo precisos a tal efecto.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Axencia Estatal da Administración Tributaria (AEAT) é un organismo público pertencente á Administración Xeral do Estado español e encárgase da xestión do sistema tributario e aduaneiro do Estado, así como daqueles recursos doutras entidades públicas e administracións que lle sexa encomendada por lei ou convenio. Para estes efectos, aglutina dentro das súas funcións diversas tarefas e servizos, fundamentalmente de inspección, xestión e recadación.

Sendo Galiza neste momento unha das comunidades de réxime común do Estado, este organismo ten importancia no noso país ao ser a encargada da recadación de boa parte dos impostos dos galegos e galegas, para alén doutras funcións. Trátase, polo tanto, dun servizo público que debe dar cobertura ás necesidades de información e xestión das e dos galegos en cumprimento das súas obrigas tributarias. Máis aínda, para o desenvolvemento destas é fundamental a accesibilidade aos servizos e é indubidábel que para asuntos relacionados coas obrigas coa facenda pública, que implican unha

grande responsabilidade e por veces unha complexidade engadida canto aos procedementos, é preciso garantir a posibilidade da atención presencial ás e aos usuarios.

Con atención á Resolución do 21 de setembro de 2004, da Presidencia da AEAT pola que se establece a estrutura e organización territorial da Agencia Estatal de Administración Tributaria recolle o proceso de *rexionalización* de competencias e funcións e aspectos referentes á modernización dos procedementos e estruturas. Neste sentido, determínase a disposición dos órganos territoriais da AEAT entre os que están as Delegacións Especiais da Axencia Tributaria para cada unha das Comunidades Autónomas e no Anexo I relaciónanse estas así como as delegacións que integra e no Anexo II as Delegacións especiais. Neste sentido, enuméranse un total de dezaoito puntos para o noso país, un mapa que estaría hoxe vixente.

Porén, desde o Bloque Nacionalista Galego estamos a observar indicios que fan evidente a intención de reducir progresivamente o seu papel, minorando o persoal e o seu papel de atención ao público. Neste sentido, amortizando prazas de persoal que se xubila ou que concursa para outra vaga, non convocando prazas para estas administracións nos concursos ou procedementos de mobilidade que se convocan dentro da AEAT o persoal destas administracións tense reducido de forma importante.

Como resultante deste modo de proceder, as administracións despregadas ao longo do territorio están a perder o seu papel e nalgúns casos perden funcionalidade para a atención ao público. Por exemplo, en Monforte quitaron a unidade de IVE e en Betanzos xa non hai unidade de módulos, nin de recadación polo que os contribuíntes deben desprazarse a Coruña. Esta tendencia trae consecuencias negativas tanto en materia de non cubrición real de postos de traballo repartidos polo territorio como para o público, pois perde posibilidades de realizar determinados servizos nunha oficina



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/02/2018 17:47
Nº Rexistro: 24927
Data envío: 01/02/2018 17:47:26.265

próxima á súa vivenda ou á súa localidade e debe incorrer en máis desprazamentos que non se suplen, en moitos casos, nin pola atención telefónica nin mediante a tramitación por internet.

Polo tanto, é necesario que a Xunta de Galiza vele polo mantemento e boa calidade dos servizos de atención ao público da AEAT en canto non avancemos nas competencias e funcións da ATRIGA.

Por estas razóns, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 3ª:

“O Parlamento de Galiza acorda instar á Xunta de Galiza a dirixirse ao goberno central para demandar que as administracións en Galiza da Axencia Estatal da Administración Tributaria (AEAT) recuperen os índices de traballadores e traballadoras do ano 2000 garantindo, en igualdade de condicións ao longo do territorio, a atención ao público para o asesoramento e servizos que presta.”

Santiago de Compostela, 1 de febreiro de 2018

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**

Montserrat Prado Cores

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Luis Bará Torres



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/02/2018 17:47
Nº Rexistro: 24927
Data envío: 01/02/2018 17:47:26.265

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 01/02/2018 17:46:17

María Montserrat Prado Cores na data 01/02/2018 17:46:22

Xose Luis Rivas Cruz na data 01/02/2018 17:46:24

Olalla Rodil Fernández na data 01/02/2018 17:46:25

Xosé Luis Bará Torres na data 01/02/2018 17:46:27

Ana Pontón Mondelo na data 01/02/2018 17:46:32

Reunión da Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos

Día: 16.03.2018

Hora: 10:30

Orde do día

2.3 25691(10/PNC-001981)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e 3 máis

Sobre as actuacións do Goberno galego en relación coa xestión do superávit orzamentario por parte das entidades locais

Publicación da iniciativa, 260, 14.02.2018

Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia por iniciativa das súas deputadas e dos seus deputados, Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, Abel Losada Álvarez, Juan Manuel Díaz Villoslada e Patricia Vilán Lorenzo, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate na Comisión 3ª.

A Lei orgánica de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira (LOEPSF) recolle as tres regras fiscais de obrigado cumprimento: estabilidade orzamentaria, débeda pública e regra de gasto.

No seu artigo 11.4 establece que *“As corporacións locais deberán manter unha posición de equilibrio ou superávit orzamentario”*, mentres que no artigo 32. Destino do superávit orzamentario. Sinala que *“este destinarase a reducir o nivel de endebedamento neto sempre co límite do volume de endebedamento se este fose inferior ao importe do superávit a destinar á redución da débeda”*

A Lei 9/2013 de débeda comercial, modificou a lei para permitir que os concellos cumprisen cunha serie de requisitos, destinar o superávit a investimentos financeiramente sostibles, unha definición de investimentos que recolleu o Decreto-lei 2/2004, do 21 de febreiro na súa disposición adicional 16. Estas excepcións en ningún caso deron satisfaccións ás demandas municipais posto que as condicións para se poder acoller a estas medidas eran:

- Ter rexistrado superávit orzamentario e remanente de tesourería.
- Ter pagado antes as débedas pendentes con provedores para cumprir coa Lei de morosidade.
- Destinar o sobranse a amortizar débeda.



Grupo Parlamentario

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Nesta situación de evolución positiva no saneamento das contas públicas municipais, a continuidade na aplicación da dita regra de gasto segue xerando remanentes positivos de tesourería ao mesmo tempo que segue a constrinxir a capacidade destes concellos para atender as crecentes necesidades sociais actuais, sen poñer en risco o cumprimento dos obxectivos de déficit nin a redución da débeda pública municipal.

A propia Airef (Autoridade independente de responsabilidade fiscal) ten sinalado en múltiples ocasións e en varios informes, as deficiencias na aplicación da regra de gasto, esixindo unha revisión do seu deseño e unha maior transparencia nas condicións e criterios de cálculo así como na aplicación da dita regra.

Estes condicionantes deron un resultado sorprendente: os concellos son a única administración con superávit dende 2012, están saneados e cumpren os seus obxectivos, pero non poden investir o seu aforro.

No mes de decembro de 2017, a FEMP presentou un documento, que inclúe unha serie de propostas, ao Goberno do Estado sobre o destino do superávit, da regra de gasto e do teito de gasto que establece:

- 1) Establecer o carácter indefinido da prórroga para o destino do superávit.
- 2) Ampliar o ámbito de aplicación dos investimentos financeiramente sostibles flexibilizando a rixidez existente ao limitar o destino a un determinado grupo de programas de gasto e gasto de investimento.
- 3) Substituír a referencia a investimentos financeiramente sostibles pola de financiamento de gastos urxentes e/ou necesarios.
- 4) Flexibilizar a metodoloxía da regra de gasto e teito de gasto para aquelas entidades locais que teñan as súas contas saneadas.
- 5) Que o cálculo do teito de gasto non financeiro do orzamento dun exercicio determinado se fixe a partir da aplicación da regra de gasto sobre as previsións iniciais do orzamento do exercicio anterior.
- 6) Que se teña en conta para o teito de gasto do seguinte exercicio, o gasto computable que se podería ter executado en lugar do liquidado.



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/02/2018 11:52
Nº Rexistro: 25691
Data envío: 08/02/2018 11:52:45.297



Grupo Parlamentario

Polo que, o Grupo Parlamentario Socialista presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a que se dirixa o Goberno central para que:

Partido dos
Socialistas
de Galicia

1º) A través dunha autorización legal competente, se permita ás entidades locais reinvestir o seu superávit en 2018 sen necesidade de xerar ingresos polo mesmo importe.

2º) Se aborden os cambios normativos necesarios para:

- a) Establecer o carácter indefinido da prórroga para o destino do superávit.
- b) Ampliar o ámbito de aplicación dos investimentos financeiramente sostibles flexibilizando a rixidez existente ao limitar o destino a un determinado grupo de programas de gasto e gasto de investimento.
- c) Substituír a referencia a investimentos financeiramente sostibles pola de financiamento de gastos urxentes e/ou necesarios.
- d) Flexibilizar a metodoloxía da regra de gasto e teito de gasto para aquelas entidades locais que teñan as súas contas saneadas.
- e) Que o cálculo do teito de gasto non financeiro do orzamento dun exercicio determinado se fixe a partir da aplicación da regra de gasto sobre as previsións iniciais do orzamento do exercicio anterior.
- f) Que se teña en conta para o teito de gasto do seguinte exercicio, o gasto computable que se podería ter executado en lugar do liquidado.

Pazo do Parlamento, 7 de febreiro de 2018

Asinado dixitalmente por:

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 08/02/2018 11:49:21



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/02/2018 11:52
Nº Rexistro: 25691
Data envío: 08/02/2018 11:52:45.297



Grupo Parlamentario

Abel Fermín Losada Álvarez na data 08/02/2018 11:49:30

Juan Manuel Díaz Villoslada na data 08/02/2018 11:49:39

Patricia Vilán Lorenzo na data 08/02/2018 11:49:54

~~Partido dos~~
Socialistas
de Galicia

Reunión da Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos

Día: 16.03.2018

Hora: 10:30

Orde do día

2.4 26063(10/PNC-002004)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e 2 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para a reforma do marco normativo en materia económica, orzamentaria e contable, a implantación da rendición telemática da Conta xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e a súa elaboración, así como a aprobación dun novo plan de contabilidade pública

Publicación da iniciativa, 264, 21.02.2018



Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da súa deputada e dos seus deputados, Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, Abel Fermín Losada Álvarez e Juan Manuel Díaz Villoslada, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate na Comisión 3ª.

A regulación de acceso da cidadanía a determinada información administrativa vén contemplada no artigo 105 da Constitución española,.

A Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, na súa exposición de motivos recolle que o dereito fundamental á participación nos asuntos públicos non debe entenderse limitado ao dereito de sufraxio senón á capacidade da cidadanía de ser un actor fundamental no seguimento, no control e na vixilancia da actividade dos poderes públicos.

Na dita Lei 1/2016, de transparencia e bo goberno, se establece que o obxecto da Lei (artigo 1) é regular a transparencia e a publicidade na actividade pública, e que os principios reitores da Lei (artigo 2) son o principio de transparencia, o principio de accesibilidade universal, o principio de participación cidadá, o principio de veracidade, o principio de responsabilidade, o principio de non discriminación tecnolóxica nin lingüística, o principio de reutilización da información e o principio de integridade, honestidade, imparcialidade, obxectividade e respecto ao marco xurídico e á cidadanía no relativo á actuación das persoas que ocupen altos cargos.

De igual modo, a Lei dedica o Capítulo IV (artigos 24 a 28) a regular o dereito de acceso á información pública, establecendo no primeiro punto que “Todas as persoas teñen dereito a acceder á información pública nos termos previstos na normativa básica en materia de transparencia”.

O Consello de Contas presenta anualmente o Plan de traballo para ese exercicio que despois desenvolve coa elaboración da memoria anual de actividades e os informes de fiscalización do sector público de Galicia, entre os que se inclúe a Conta xeral da Comunidade Autónoma do exercicio que corresponda.



Grupo Parlamentario

Partido dos
Socialistas
de Galicia

A estrutura de cada un dos informes de fiscalización contén unha introdución, o desenvolvemento de cada un dos apartados correspondentes ao tema que se trate, as conclusións do Consello de Contas, as recomendacións do Consello de Contas, os anexos correspondentes e as alegacións.

No informe de fiscalización da conta xeral da Comunidade Autónoma correspondentes ás Memoria anual de actividades 2015 reitéranse varias recomendacións na presentación da información contable:

Informe de fiscalización da Conta Xeral da Administración. Exercicio 2015

“Presentación da información contable

6.1. *Tal e como se vén recollendo nos sucesivos informes da Conta Xeral, faise necesario que por parte da Administración se aborde con urxencia unha reforma e actualización do marco normativo en materia económica, orzamentaria e contable, que inclúa aspectos básicos como a formación da Conta Xeral da Comunidade Autónoma coas respectivas do sector público administrativo, empresarial e fundacional.*

Cómpre adoptar as medidas necesarias para a implantación da rendición telemática da Conta Xeral da Comunidade Autónoma.

6.2. *As modificacións da normativa orzamentaria deben estenderse á delimitación das entidades que integran o perímetro orzamentario e da Conta Xeral conforme á tipoloxía que, para a definición do sector público, establece a LOFAXGA, así como á regulación dos procesos de consolidación das contas destas entidades que ofrezan unha visión global da situación económica do sector público autonómico; e tamén á aprobación dun novo plan de contabilidade pública da Comunidade Autónoma que cumpra co proceso de harmonización contable das normas internacionais aplicables á contabilidade do sector público.*

6.3. En aras ao cumprimento do principio de transparencia da actividade pública, recoméndase unha revisión profunda da memoria da Conta Xeral, incorporando información sobre todos aqueles aspectos previstos na normativa de aprobación e, en especial, dos seguintes aspectos: a) da situación financeira global do sector público autonómico; b) da execución de beneficios fiscais; c) do volume de endebedamento e grao de cumprimento de obxectivos; d) do estado agregado dos compromisos de gastos futuros do sector público autonómico”.

Á vista destes datos o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia, insta o Goberno galego para que:

1º) Aborde a reforma e a actualización do marco normativo en materia económica, orzamentaria e contable, que inclúa aspectos básicos como a formación da Conta Xeral da Comunidade Autónoma coas respectivas do sector público administrativo, empresarial e fundacional, estendéndose á delimitación das entidades que integran o perímetro orzamentario e da Conta Xeral conforme á tipoloxía que, para a definición do sector público, establece a Lofaxga, así como á regulación dos procesos de consolidación das contas destas entidades que ofrezan unha visión global da situación económica do sector público autonómico.

2º) Implante a rendición telemática da Conta Xeral da Comunidade Autónoma.

3º) Se aprobe un novo plan de contabilidade pública da Comunidade Autónoma que cumpra co proceso de harmonización contable das normas internacionais aplicables á contabilidade do sector público.

4º) Elabore a Conta Xeral, incorporando información sobre todos aqueles aspectos previstos na normativa de aprobación e, en especial, dos seguintes aspectos: a) da situación financeira global do sector público autonómico; b) da execución de beneficios fiscais; c) do volume de endebedamento e grao de cumprimento de obxectivos; d) do estado agregado dos compromisos de gastos futuros do sector público autonómico.



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/02/2018 11:10
Nº Registro: 26063
Data envío: 13/02/2018 11:10:59.146



Grupo Parlamentario

Pazo do Parlamento, 12 de febreiro de 2018

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 13/02/2018 11:01:14

Abel Fermín Losada Álvarez na data 13/02/2018 11:01:23

Juan Manuel Díaz Villoslada na data 13/02/2018 11:01:34

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 13/02/2018 11:01:44

Reunión da Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos

Día: 16.03.2018

Hora: 10:30

Orde do día

2.5 27146(10/PNC-002096)

Grupo Parlamentario de En Marea

Lago Peñas, José Manuel e 13 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para evitar o impacto do actual modelo de revalorización anual das pensións contributivas no poder adquisitivo das persoas pensionistas de Galicia

Publicación da iniciativa, 272, 07.03.2018

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentar de **En Marea**, por iniciativa das súas deputadas e deputados Manuel Lago Peñas, Luís Villares Naveira, Carmen Santos Queiruga, Antón Sánchez García, Magdalena Barahona Martín, Marcos Cal Ogando, Luca Chao Pérez, Paula Vázquez Verao, Paula Quinteiro Araujo, Francisco Casal Vidal, Ánxeles Cuña Bóveda, Juan José Merlo Lorenzo, Davide Rodríguez Estévez e Eva Solla Fernández, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 3.ª**.

Exposición de motivos

O mecanismo de revalorización das pensións é fundamental para garantir o dereito constitucional a un retiro digno, xa que é a clave para que as persoas beneficiarias poidan tomar decisión fundadas acerca do seu futuro e, polo tanto, gozar dunha ben merecida estabilidade. Trátase, noutras palabras, dunha protección imprescindible fronte aos riscos e dificultades que van aparellados ao envellecemento.

Porén, isto non impediu que no marco de redución do déficit público se contemplase a suspensión da revalorización (Real Decreto-Lei 8/2010, de 20 de maio, Lei 39/2010, de 22 de decembro, LPE para 2011, RDL 28/2012, do 30 de novembro) como medida excepcional e conxuntural. Tampouco significou moito que a suspensión fora contraria a Recomendación número 11 do Pacto de Toledo.



A medida “conxuntural” adquiriu a categoría de definitiva tralo Informe do Comité de Expertos do 7 de xuño de 2013. O informe suxería non revalorizar anualmente as pensións atendendo ao IPC senón a un novo índice menor que a inflación. Dita “revalorización” suporía, na práctica, unha perda constante de poder adquisitivo para as persoas pensionistas. Este novo factor incumpre dun xeito flagrante o artigo 50 da Constitución, que obriga a os poderes públicos a garantir, mediante pensións adecuadas e actualizadas periodicamente, a suficiencia económica da cidadanía durante a terceira idade.

O novo índice de revalorización é problemático mesmo na súa caracterización. É opaco no seu deseño e funcionamento, arbitrario na fixación da contía da revalorización e deixa moita marxe á discrecionalidade. Ademais, é inxusto por como afecta ás pensións mínimas e as non contributivas. Ao supor unha gran perda económica, pode derivar nun empobrecemento paulatino das persoas coas prestacións máis baixas, mulleres na súa meirande parte.

Deténdonos no aspecto estritamente xurídico, o feito de que a medida afecte ás pensións causadas con anterioridade á reforma é susceptible de ser inconstitucional, xa que ten efectos retroactivos prexudiciais para a cidadanía. A medida tamén pode vulnerar a doutrina do Tribunal Europeo de Dereitos Humanos, que considera que “calquera axuste no sistema de pensións debe levarse a cabo de maneira gradual, prudente e medida” pois “calquera outro enfoque podería poñer en perigo a paz social, a previsibilidade do sistema e a seguridade xurídica”.

Hai, polo tanto, motivos dabondo para modificar o método actual de revalorización anual das pensións.



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/03/2018 13:34
Nº Rexistro: 27146
Data envío: 01/03/2018 13:34:04.401



Por todo o dito, o Grupo Parlamentar de En Marea presenta a seguinte
Proposición non de lei:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a modificar o método actual de revalorización anual das pensións, establecido no artigo 58 do texto refundido da Lei da Seguridade Social, porque supón condenar as persoas pensionistas galegas a perder poder adquisitivo ano tras ano e volver a recuperar como criterio de revalorización o IPC, tal é como se facía ata a reforma do sistema de 2013.

Santiago de Compostela, 1 de marzo de 2018.

Asinado dixitalmente por:

José Manuel Lago Peñas na data 01/03/2018 13:17:30

Luis Villares Naveira na data 01/03/2018 13:17:38

Carmen Santos Queiruga na data 01/03/2018 13:17:47

Antón Sánchez García na data 01/03/2018 13:17:54

Paula Vázquez Verao na data 01/03/2018 13:18:01



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/03/2018 13:34
Nº Rexistro: 27146
Data envío: 01/03/2018 13:34:04.401



María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 01/03/2018 13:18:04

Juan José Merlo Lorenzo na data 01/03/2018 13:18:08

Eva Solla Fernández na data 01/03/2018 13:18:11

Luca Chao Pérez na data 01/03/2018 13:18:15

Paula Quinteiro Araújo na data 01/03/2018 13:18:18

Magdalena Barahona Martín na data 01/03/2018 13:18:23

Francisco Casal Vidal na data 01/03/2018 13:18:27

David Rodríguez Estévez na data 01/03/2018 13:18:31

Marcos Cal Ogando na data 01/03/2018 13:18:35

Reunión da Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos

Día: 16.03.2018

Hora: 10:30

Orde do día

2.6 27179(10/PNC-002102)

Grupo Parlamentario de En Marea

Sánchez García, Antón

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co emprego polas entidades financeiras da ferramenta denominada titulización de hipotecas, prevista na Lei 19/1992, do 7 de xullo, así como a súa incidencia para as persoas afectadas por procedementos de execución hipotecaria

Publicación da iniciativa, 272, 07.03.2018

O Grupo Parlamentar de En Marea, por iniciativa do seu deputado Antón Sánchez García e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Comisión**.

Exposición de motivos

O Banco de España define a titulización coma un fenómeno consistente en transformar unha serie de activos pouco líquidos, como préstamos e hipotecas, en valores negociables. O mecanismo empregado para tal, é a transferencia de activos a un fondo, que financia as súas adquisicións mediante a emisión de títulos.

A titulización sería unha forma de financiamento que supón a cesión dos dereitos de crédito cara un terceiro con todos os riscos para os inversores. Pero sen embargo, son as entidades financeiras que subscribiron a escritura do crédito hipotecario as que inician execucións hipotecarias, carecendo, de lexitimación activa para elo.

En España a titulización entrou en vixencia a partir da Lei 19/1992, do 7 de xulio. O Estado español foi un dos países onde máis medrou a titulización no período precrise, isto é, 2000-2007. De novo, segundo os datos proporcionados polo Banco Central, durante dito período, o volume anual de emisións brutas, multiplicouse por máis de 15, ata chegar aos 124.000 millóns, e o saldo vivo destes instrumentos fíxoo por máis de 17, ata acadar os 307.000 millóns. Un aspecto clave a destacar é o protagonismo das entidades de crédito neste



fenómeno, xa que en termos de saldo, explicaban no ano 2006 máis do 99% do total, do cal un 55% correspondían ás Caixas de Aforro e un 34% aos bancos.

Mais o que debe ser destacado de todo este fenómeno é que a vixente lei permite que non haxa publicidade rexistral sobre a transferencia destas inscricións no Rexistro de Propiedade. Deste xeito, as entidades crediticias empregan esta ferramenta para simular que continúan sendo os lexítimos acredores dos préstamos, á vez que inician no seu propio nome os procedementos de execución hipotecaria. Este feito está a xerar unha profunda confusión e, o que resulta máis grave, unha indefensión dos afectados.

Polo exposto anteriormente, o Grupo Parlamentario de En Marea presenta a seguinte Proposición non de lei:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Exixir á Comisión Nacional de Valores que exerza un verdadeiro rexistro público de activos titulizados, co obxecto de poder ofrecer ás familias afectadas, de forma clara e accesible, a información e certificado de se a súa hipoteca está titulizada e en que fondo de investimento.
2. Impulsar ás modificacións legais oportunas, para asegurar o cumprimento da obrigaón de inscribir no Rexistro de Propiedade a cesión da titularidade dun crédito hipotecario, co fin de dotar de maior transparencia a información e accesibilidade referente á titulización de hipotecas e dotar de maior garantía aos debedores afectados.
3. Solicitar ás entidades financeiras que publiquen na súa páxina web, á beira da folla da escritura da constitución do fondo, a relación de activos que compoñen este fondo de titulización.



4. Enviar unha copia desta proposta ás oficinas centrais das entidades financeiras con sucursais no territorio galego, ao Parlamento de Galicia, ás políticas formativas, sindicatos, asociacións veciñas e consumidores e plataformas contra as esixencias e pola defensa do dereito a unha vivenda digna.

5. Incluír na páxina web da Consellería de Infraestruturas e Vivenda, un apartado coa información sobre o problema das titulacións, orientacións para que o consumidor poida saber se o seu préstamo hipotecario foi ou non titulado pola súa entidade financeira e as medidas de actuación e protección.

6. Que a Xunta de Galicia, a través dun servizo específico, atenda as solicitudes que non se están atendendo dos cidadáns que se atopan en situación de lanzamento hipotecario.

Santiago de Compostela, 1 de marzo de 2018.

Asdo.: Antón Sánchez García

Voceiro s. do G.P. de En Marea

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/03/2018 17:59
Nº Rexistro: 27179
Data envío: 01/03/2018 17:59:15.635

Antón Sánchez García na data 01/03/2018 17:57:57